



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

Informámosvos de que se pode facer un curso de galego en a+.

Alegrámonos moito de poder comunicarvos esta nova, mais tamén queremos valorar a actuación de Telefónica na capacitación en galego dos seus traballadores e traballadoras para que os dereitos da nosa clientela galegofalante sexan respectados.

Levabamos moitos anos sen que Telefónica organizase cursos de galego. De feito só organizou cursos de iniciación e perfeccionamento entre os anos 1992 e 1994 e estes foron fóra de horas de traballo. Para este ano apareceu un curso de galego no Catálogo de Grandes Empresas, sen que o acceso a el fose fácil.

Queremos que Telefónica detecte as necesidades formativas do seu persoal para poder atender a nosa clientela galegofalante na nosa lingua, porque pensamos que non serán poucas as carencias, xa que a maioría de nós fomos escolarizados antes de que o galego entrase no sistema educativo.

Como pensamos que debería Telefónica respectar os dereitos da nosa clientela?

Creemos que ten que territorializar a atención á clientela galega. Xa sabemos que é potestade das empresas organizar o traballo, mais tamén é obriga das empresas cumprir coa lei e máis naquelas que prestan un servizo público. Coa desterritorialización da atención nun territorio plurilingüe, Telefónica facilita o incumprimento da **Carta europea de linguas minorizadas** que, ao ser ratificada polo Estado Español no ano 2001, ten rango de lei.

Creemos que Telefónica ten que capacitar a todo o seu persoal susceptible de interactuar coa clientela de Galicia para que desenvolva aquelas competencias lingüísticas necesarias no seu traballo (entender, falar, ler, escribir).

E como pensamos que debería Telefónica respectar os dereitos dos seus traballadores e traballadoras?

Formándonos en tempo de traballo e sen que a formación sexa unha vía para individualizar as nosas relacións laborais.

Así pois, seguiremos a reclamar que Telefónica respecte os dereitos lingüísticos da nosa clientela, e dos seus traballadores e traballadoras, formándonos para capacitarnos nesa obriga legal.

Compostela, 5 de febreiro de 2010